

# Manifesto 25N

O 25 de novembro lembramos as irmás Mirabal, vítimas do feminicidio e da ditadura. As tres, Patria, Minerva e María Teresa foron encarceradas, violadas e asasinadas por mandato do ditador Trujillo en 1960 na República Dominicana. En nome da memoria colectiva, este día marca as loitas polo fin das violencias contra as mulleres.

Como cada ano facemos nosa esta data e facémolo combativas, firmes e convencidas de seguir loitando, día tras día, até erradicar calquera tipo de violencia machista. Cada día que pase, berraremos máis forte contra o sistema capitalista e patriarcal e contra as súas brutais expresións.

Cada berro, cada comentario machista, cada opinión non solicitada, cada mirada, a fenda salarial, a desigualdade económica, cada agresión... son a base que suxeita e perpetúa este sistema de violencias sobre as nosas vidas. Violencias que non sufren só unhas poucas mulleres, violencias que sufrimos todas en cada ámbito das nosas vidas. Durante todas as nosas vidas.

O sistema ensínanos, desde pequenas, o noso rol na sociedade: sermos obxectos de desexo, escravas das tarefas do fogar, as que cobran menos polo mesmo traballo, as que asumimos a carga mental, as que asumimos todos os coidados, as violadas, as asasinadas. Somos as que sostemos o mundo sen termos dereito a vivir nel.

Estamos organizando a resistencia contra un sistema que ten todas as ferramentas e capital do seu lado para asoballarnos, para someternos dentro del. Un sistema que crea e destrúe engrenaxes que afogan más e más as nosas vidas. E non podemos agardar nada de quen serve aos intereses do sistema.

Non podemos esperar nada do papel da Xunta de Galiza de Rueda, que hai un ano sacaba a tan sonada campaña “non debería pasar pero pasa”, non imos esperar nada dun Partido Popular que se alía e aliña coa ultradereita fascista, que goberna contra as nosas vidas, que xoga coa saúde das mulleres, que perpetúa desde o goberno o machismo más rancio. Tamén non imos esperar nada da xustiza nin das súas leis machistas, que poñen en dúbida as agresións que sufrimos. Non imos consentir más retrocesos nin más machismo nas nosas vidas.

E non imos agardar más, porque se nos vai a vida, porque estamos FARTAS de que nos maten ante a indiferenza absoluta do sistema, fartas de traballar por menos salario, fartas de non poder expresar a nosa sexualidade como nos peta, de non poder volver a casa soas, fartas de ter medo. E hoxe decidimos que xa non temos medo, que pasamos á autoorganización feminista, á autodefensa.

Organizámonos e loitamos, como fan as compañeiras da limpeza por un convenio digno, como fan as do Servizo de Atención ao Fogar, como fan as profesoras de educación infantil. Combatemos o sistema como fan as compañeiras das conserveiras, organizámonos como as compañeiras do SERGAS para paralizar o desmantelamento da atención primaria. Erguémonos como as irmás palestinas contra quen nos quere

submisas e pasivas. Artellamos resistencias feministas, comprometidas coa transformación do mundo para que todas sexamos libres.

E atoparémonos todas sempre nas rúas, sabendo que calquera mudanza ten que ser de abaxo cara arriba, e que erradicación da violencia machista pasa, necesariamente, pola autoorganización do movemento feminista, o empoderamento colectivo e a autodefensa das mulleres, e pola apostase firme do feminismo en calquera ámbito das nosas vidas.

Querémonos libres, vivas, organizadas e combativas!